

Son abundantes as mulleres que aparecen durante este mes e que se dedican á literatura, a pesar de que, como di Isabel Allende, «até hai pouco tempo había moitos máis escritores masculinos que femininos, e a historia da muller contábase os homes a través do seu prisma». Comentade en grupo esta reflexión súa e buscade datos para elaborar unha breve biografía na que se inclúa a súa produción artística.

Mary Shelley e Susan Sontag son escritoras que pertencen a distintas épocas e intereses. Investiga sobre ambas as dúas e sobre os temas dos que escribiron.

«Sabemos que ningunha muller se pode illar totalmente do mundo real dominado polos homes, pero no mundo das ideas podemos trazar fronteiras que abran novas perspectivas de pensamento, que nos permitan ver os problemas doutra maneira»

Elaine Showalter

Pensas que o feito de que haxa mulleres escritoras achega á tradición literaria algunha calidade específica que diferencie os seus textos dos textos escritos por varóns?

Consideras que as mulleres teñen dificultades para escribir? Cales opinións que son os factores que impiden escribir a unha muller? Pensas que son os mesmos que lle impiden falar?

Por que hai máis mulleres que se dedicaron á literatura que a outras actividades como a ciencia ou a política?

Revisa algúns textos literarios (novela, poesía) escritos por mulleres e constata se se dan os mesmos estereotipos sobre as mulleres que se acostuman dar en escritores varóns: indecisión, pasividade, inestabilidade, confinamento, piedade, irracionalidade, etc...

No seguinte fragmento do poema escrito pola poeta argentina Alfonsina Storni hai unha concepción da vida da muller, cal é?

A G O S T O

Anda , date a voar, faite abella,
No xardín florecen papoulas,
Mará a alma túa estará vella .

Anda, solta a voar, faite pomba,
Percorre o bosque e pica grans.
Come migallas de distintas mans
A polpa morde fragante poma.

Anda date a voar, sé andoriña
Busca a praia dos soles de ouro.
Gusta a primavera e o seu tesouro.

A primavera é única e divina...
...Corre, camiña máis , é pouco aquilo...
aínda quedan cousas que a túa man anhela
Corre, camiña, xira, sobe e voa:
Gústao todo porque todo é belo

Alfonsina Storni



A G O S T O

| L | M | Me | X | V | S | D |
|--|---|---|---|--|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| | | 1902 Nace Lola Iturbe, sindicalista libertaria, corresponsal de guerra e escritora | 1942 Nace Isabel Allende. Escritora chilena. "Cuentos de Eva Luna" | 1916 Nace Adelita del Campo, danzarina e actriz. Organización de Mujeres Libres | 1948 Falece Mileva Maric, matemática | 1939 Foron fusiladas en Madrid 13 adolescentes, "as trece rosas", das J.S.U. |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 1949 Nace en Mallorca, Margalida Mora Rosselló, campioa de España de Tiro Olímpico | s.IV Ágape, mestra e compañeira de Prisciliano, fundadora da seita das agapetas | 1857 Nace Cécile Chaminade, pianista e compositora francesa | 1897 Nace Marta Brunet, escritora chilena, representante da narrativa criolista | 1929 Nace Grisélides Real: Prostituta, escritora e poeta. Defendeu os dereitos das prostitutas | Día Internacional da Muller Sudafricana | 1914 Amnistía para as sufraxistas inglesas encadeadas por defender o dirto. ao voto |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 1934 Nace Maria Cascales. Bioquímica. 1ª Muller da Real Academia de Farmacia | 1960 Nace Sarah Brightman, soprano británica | 1896 Nace Gerty Cori. Nobel de Fisioloxía. Estudos sobre fosforilación de azúcares | 1944 Nace Soledad Becerril, 1ª muller Ministra da democracia española | 1993 Susan Sontag, Príncipe de Asturias, monta en Saraxevo, "En attendant Godot" | 1920 Recoñéceneselles ás mulleres o dereito ao voto nos EE.UU. | 1975 Elena López. 2ª muller integrante da Sociedade Cubana de Hª da Medicina |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 1900 Nace en Cuba, Rita Montaner, unha das máis grandes cantantes cubanas | 1946 Apróbase na Arxentina a Lei sobre Dirto. Políticos da Muller incluíndo o voto | 11947 Nace Rosa Pereda, escritora santanderina. Escribe "O triángulo amoroso: desexo, sexo ou traizón" | 1909 Chega a Melilla Carmen de Burgos "Colombine", 1ª muller corresponsal de guerra | 1781 Último Auto de Fe da Inquisición Sevillana. Condéna a morte á beata cega | 1995 "O contradiscurso das mulleres" de Carme Blanco. 1ª hria. en galego do Feminismo | 1898 Nace Peggy Guggenheim, coleccionista e galerista de arte |
| 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | |
| 1932 Nace Antonia Fraser, historiadora e escritora inglesa | 1981 Iniciase a marcha de mulleres contra a OTAN en Greeham Camnon. Durou 13 anos | 1873 Nace en Madrid Mª Goyri, pedagoga e escritora feminista. 2ª muller universitaria | 1797 Nace Mary Shelley, escritora inglesa, autora do clásico Frankenstein | 1870 Nace Mª Montessori. 1ª muller italiana Doutora en Medicina. Método Montessori | | |